


ribadeo 2000 un



**F** ↙  
**B** 18  
 VIII

**Festival** ↘

Banda de Carballiño  
 Banda de Pontedelesma  
 Banda de Ribadeo

**BANDAS**

Sábado 18 de agosto, 8.30h da tarde. Praza de Abaixo

**7<sup>a</sup>**  
 edición

EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

**BH** Banco Herrero

Banda Sinfónica  
 Municipal de Ribadeo

**A Banda-Escola de Música do Carballiño** foi creada por iniciativa do Concello do Carballiño a finais do ano 1995. Até o día de hoxe a agrupación ten participado en concertos, festas populares, festivais de bandas, concertos didácticos e benéficos, actividades estas desenvolvidas en diferentes puntos da xeografía galega e no norte de Portugal, así como no programa "Luar" da TVG. A finais do ano 2000 presentou o seu primeiro CD, con doce temas de diferentes estilos. Na actualidade a Banda-Escola ten un cadro de 35 integrantes de xeito habitual, e están a formarse uns 15 alumnos/as.

D. Juan Manuel Soto Arias, é socio fundador e Presidente da Asociación Cultural Banda-Escola de Música do Carballiño. Na actualidade desenvolve a súa función docente e directiva no Conservatorio Profesional de Música e na Escola de Música do Concello do Carballiño, como profesor de clarinete e saxofón e director de orquestra do Conservatorio.

**A Unión Musical Ponteledesma** foi fundada no 1983 por D. Xosé Casal balo, debido a añoranza dunha Banda de Música por parte dos veciños destas terras do Deza. Na actualidade a Banda está formada por 60 membros. A Unión Musical Ponteledesma ofreceu concertos en case todos os Festivais de Galiza, así como no Norte de Portugal, Francia, Andorra, Valencia e Barcelona. A principios do ano pasado culminou coa gravación dun CD. O ano pasado levou a cabo o intercambio coa banda italiana de Val di Taro.

D. Miguel Rodríguez Barrio nace en Merza (1974) no seo dunha familia de músicos. Aos 16 anos inicia os seus estudos de tuba co profesor Carlos Seráns Oliveira. Con 21 anos gaña por oposición a beca de estudos na Escola da Orquestra Sinfónica de Galiza. Imparteu clases nas escolas de música de bandas coma a de Bandeira, Merza, Silleda, Ponteledesma e Escola Municipal de Vila de Cruces. con 21 anos colle a batuta da Unión Musical Ponteledesma, na que continua como director, acompañando coa función de mestre. Asisteu a cursos de dirección con: Henry Adams, Francisco Grau, Marcel Van Bree, etc.

**A Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** naceu en 1992 fundada por Hernán Naval, promotor do Festival de Bandas. Nestes nove anos de actividade ten actuado nas principais vilas e cidades de Galiza, en Madrid, en Barcelona, en Aranjuez, en Lisboa, etc. En 1997 gravou o seu primer CD e neste ano rematou as gravacións dos dous últimos.

Mariano Rivas compaxina o seu traballo de dirección de orquestra coa correpitição de ópera. Reside en Munich e Viena, e é actualmente director Musical dos Coros da Ópera de Oviedo, Director musical para producións líricas no Teatro Jovellanos de Xixón. Primer Director invitado da United Philharmonic Vienna, e asistente de dirección do maestro Marcello Viotti. Ten dirixido a Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias, "Virtuosos de Moscú", Coral Polifónica de Xixón, Orquestra Sinfónica de Granada, Orquestra Sinfónica Cidade de Oviedo...

# P R O G R A M A

## *Banda-Escola de Música do Carballiño*

**King's glory**  
**Olas do Danubio**  
**An american portrait**  
**Saxophone Jubilee**  
**Non chores por min Arxentina**

Harm Evers  
J. Ivanovici  
James Swearingen  
Harm Evers  
Webber rice

JUAN MANUEL SOTO  
DIRECTOR

## *Unión Musical Ponteledesma*

**La primitiva**  
**Danzas Arménias**  
**Capricho Español**

Jeff Penders  
Alfred Reed  
Rimsky Korsakov

MIGUEL RODRÍGUEZ BARRIO  
DIRECTOR

## *Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo*

**Chaplin**  
**Carmen**  
**O Camiño Real**

Chaplin / Lavender  
Bizet  
Alfred Reed

MARIANO RIVAS  
DIRECTOR